



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E O CONCELLO DE RIOTORTO NO FINANCIAMENTO DA CONSTRUCCIÓN DA 2ª FASE DA RESIDENCIA PARA PERSOAS MAIORES NO EXERCICIO 2026.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coas competencias outorgadas ás comunidades autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Que a Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas maiores en situación de dependencia, conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

Que con carácter específico, lle corresponde, entre outras, a elaboración das políticas dirixidas ás persoas maiores en situación de dependencia en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

A Xunta de Galicia promoverá unha efectiva coordinación e cooperación cos concellos a fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, especialmente no que atinxe á creación e mantemento de servizos sociais comunitarios específicos.

O obxecto do presente convenio é seguir contribuíndo no financiamento por parte da Consellería de Política Social e Igualdade nas obras de construción da residencia para persoas maiores que se está levando a cabo no Concello de Riotorto.

O concello de Riotorto está a levar a cabo a construción dunha residencia para persoas maiores sita na Rúa da Veiga, 1 Riotorto, con referencia catastral 0509301PJ4000N0001RJ de 5.279 m² dos que 676 m² do total da superficie destinaranse á construción das plantas soto, baixa e primeira e nas que se repartirán as 37 prazas para as persoas residentes e dúas máis para enfermería, polo que, resulta necesario desenvolver a colaboración interadministrativa entre ambas as dúas partes para o financiamento da obra.

O promotor da residencia é o Concello de Riotorto, sendo o titular do inmovible. A xestión da residencia vai realizarse a través de licitación pública mediante sistema de concesión, polo que a xestión vai ser da empresa externa adxudicataria.

A previsión dos gastos de funcionamento e mantemento será realizada pola empresa adxudicataria, colaborando puntualmente o persoal do Concello no mantemento básico de xardíns, zonas verdes e alumeadado público.

Se está en fase de elaboración dun estudo económico financeiro sobre a explotación da residencia de maiores de Riotorto para utilizar na futura licitación da prestación do servizo.

Unha vez rematada a obra civil queda pendente de executar obras de urbanización e dotar de mobiliario a dita residencia.

A primeira parte das obras da devandita Residencia de maiores foron obxecto de financiación nun primeiro convenio firmado no ano 2024 e amparaban actuacións executadas durante ese ano.

Estas actuacións se corresponderon coas seguintes partidas, que formaban parte do global da obra:





ACTUACIÓNS CONVENIO 2024	
MOVEMENTO DE TERRAS	11.627,34
CIMENTACIÓN	77.634,30
ESTRUTURA	128.011,36
CUBERTA	0
FACHADAS	0
PARTICIÓNS	0
CARPINTERÍA EXTERIOR	0
PAVIMENTOS E TEITOS	0
CARPINTERÍA INTERIOR	0
ACABADOS INTERIORES	0
EQUIPAMENTO	0
SANEAMENTO E EVACUACIÓN DE AUGAS	10998,32
FONTANERÍA	0
CALEFACCIÓN, REFRIXERACIÓN, CLIMATIZACIÓN E A.C.S	0
ELECTRICIDADE	0
ILUMINACIÓN	0
TELECOMUNICACIÓNS	0
INCENDIOS	0
XESTIÓN DE RESIDUOS	3094,14
SEGURIDADE E SAÚDE	6347,71
CONTROL DE CALIDADE	0
13% GASTOS GENERALES	30902,71
6% BENEFICIO INDUSTRIAL	14.262,79
BAJA LICITACIÓN	-2878,67
TOTAL	280.000

Para o cumprimento da finalidade prevista nese convenio a Consellería de Política Social e Igualdade aportou **douscentos oitenta mil euros (280.000,00€)**.

Agora, neste Convenio de 2026 se vaa continuar financiando as actuacións que responden ás seguintes partidas e que forman parte do global da obra para este ano que son:

ACTUACIÓNS CONVENIO 2026	
ESTRUTURA	0
CUBERTA	0
FACHADAS	61.875,12
PARTICIÓNS	1.288,86
CARPINTERÍA EXTERIOR	0
PAVIMENTOS E TEITOS	39.643,08
CARPINTERÍA INTERIOR	26.176,22



ACABADOS INTERIORES	10.407,50
EQUIPAMENTO	35.723,36
SANEAMENTO E EVACUACIÓN DE AUGAS	2.691,23
FONTANERÍA	1.636,26
CALEFACCIÓN, REFRIXERACIÓN, CLIMATIZACIÓN E A.C.S	33.747,01
ELECTRICIDADE	17.244,45
ILUMINACIÓN	0
TELECOMUNICACIÓNS	0
INCENDIOS	0
XESTIÓN DE RESIDUOS	0
SEGURIDADE E SAÚDE	0
CONTROL DE CALIDADE	0
13% GASTOS XERAIS	29.956,30
6% BENEFICIO	13.825,99
BAIXADA DA ANTERI ADXUDICACIÓN	784,62
TOTAL	275.000

Para o cumprimento do convenio a Consellería de Política Social e Igualdade aportará **douscentos setenta y cinco mil euros (275.000,00 €)**, que serán imputados á aplicación orzamentaria **08.05.312E.760.0 e C.P. 2015 491** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026. Este financiamento terá vixencia desde o 1 de xaneiro de 2026 ata o 31 de decembro de 2026.

O carácter singular deste convenio en base ás razóns que acreditan o interese social do mesmo, radica no análise das circunstancias demográficas deste concello, da cobertura de servizos sociais públicos actuais e da estimación da poboación maior dependente que demandará un servizo asistencial. Así, o concello de Riotorto actualmente conta cunha poboación de persoas maiores de 65 anos superior ao 45%. Polo tanto, tendo en conta as circunstancias particulares deste concello, xunto coa a súa estrutura xeográfica que complica a dispoñibilidade de servizos as veciñas e veciños, articúlase este convenio de colaboración de cara a que poidan recibir unha serie de coidados e atencións de carácter persoal, terapéutico e social.

Así pois, as razóns de interese público e social expostas, xunto co razoamento da singularidade do investimento e a exclusividade da colaboración co Concello de Riotorto, xustifican a formalización dun convenio de colaboración con dita entidade local.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

O director xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria

Antonio Acevedo Prado

